

MANDATOS DO MECO

Durante a semana do 1 ao 5 de Febreiro, no CEIP A Solaina celebraremos o Entroido. Este ano O Meco cada día da semana establecerá uns mandatos referidos a vestimenta dos rapaces/as. Aos rapaces/as máis pequenos mandaráselles cada día unha notiña co mandato do meco; os rapaces/as maiores terán que fixarse nos carteis que vaia poñendo o meco día a día.

Ademáis disto, cada día traballaremos unha tradición do Entroido, tradicións que perduran en moitos lugares de Galicia: Domingo Fareleiro, Domingo Oleiro, Xoves de Comadres e Xoves de Compadres. Temén imos a facer unha representación dos peliqueiros propios do Entroido de Laza para achegar aos rapaces esta tradición ancestral.

O Venres día 5 de Febreiro, cando se completen os mandatos do meco, sairemos nun pasarúas polas inmediacións do colexio, cantando e festexando o Entroido. Se chove, por grupos faremos un pequeno desfile no pavillón en tres turnos, ao que poderán asistir se queren somente dous membros da familia para non exceder o aforo.

Os turnos serían os seguintes:

9:30-10:15: Infantil

10:30-11:15: 1º, 2º e 3º Primaria

11:30- 12:15: 4º, 5º e 6º Primaria

Cando remate cada turno, é necesario que os pais/nais vacíen de contado o pavillón para non demorar a actividade.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares.

Narón, febreiro 2016